



## CONCRECIÓN CURRICULAR

### a) A ADECUACIÓN DOS OBXECTIVOS XERAIS DAS ETAPAS AO CONTEXTO DO CENTRO.

A adecuación dos obxectivos xerais da etapa de Educación Infantil ao contexto do centro resúmense nos seguintes apartados:

- Coñecer o seu propio corpo e o das outras persoas, así como as súas posibilidades de acción, e aprender a respectar as diferenzas.
- Observar e explorar a súa contorna familiar, natural e social.
- Adquirir progresivamente autonomía nas súas actividades habituais.
- Desenvolver as súas capacidades emocionais e afectivas.
- Relacionarse coas demais persoas en igualdade e adquirir progresivamente pautas elementais de convivencia e relación social, así como exercitarse no uso da empatía e a resolución pacífica de conflitos, evitando calquera tipo de violencia.
- Desenvolver habilidades comunicativas en diferentes linguaxes e formas de expresión.
- Iniciarse nas habilidades lóxico-matemáticas, na lectura e a escritura, e no movemento, o xesto e o ritmo.
- Promover, aplicar e desenvolver as normas sociais que fomentan a igualdade entre mulleres e homes.
- Coñecer e valorar as singularidades culturais, lingüísticas, físicas e sociais de Galicia, poñendo de relevancia as mulleres e homes que realizaron achegas importantes á cultura e á sociedade galegas.
- Implementar os obxectivos xerais que vertebran a nosa Misión Educativa Escolapia que orientan toda a nosa planificación e son os fundamentos do Proxecto Educativo Integral (PEI) dos colexios Escolapios, e que son os seguintes:
  - a. Atención a nenos e mozos desde os seus primeiros anos, especialmente aos máis pobres, ofrecendo a Educación Integral baseada na Piedade e as Letras, segundo o modelo da escola popular cristiá.
  - b. Proporcionar ambientes educativos acolledores, positivos e inclusivos que respondan ás necesidades educativas do alumnado que se nos encomenda.
  - c. Promover nas nosas comunidades educativas a formación, a reflexión, a participación e creatividade, tanto no eido da pedagogía como no da pastoral, para dar respostas coherentes ás realidades de cada momento e de cada contexto.

A Educación Primaria contribuirá a desenvolver no alumnado as capacidades que lles permitan:

- Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a obrar de acordo con elas, prepararse para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos, así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática.
- Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en si mesmos/as, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe, e espírito emprendedor.
- Adquirir habilidades para a prevención e para a resolución pacífica de conflitos que lles permitan desenvolverse con autonomía no ámbito familiar e doméstico, así como nos grupos sociais cos que se relacionan.
- Coñecer, comprender e respectar as diferentes culturas e as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e mulleres e a non discriminación de persoas con discapacidade nin por outros motivos.



- Coñecer e utilizar de xeito apropiado a lingua galega e a lingua castelá, e desenvolver hábitos de lectura en ambas as linguas.
- Adquirir en, polo menos, unha lingua estranxeira a competencia comunicativa básica que lles permita expresar e comprender mensaxes sinxelas e desenvolverse en situacións cotiás.
- Desenvolver as competencias matemáticas básicas e iniciarse na resolución de problemas que requiran a realización de operacións elementais de cálculo, coñecementos xeométricos e estimacións, así como ser quen de aplicalos ás situacións da súa vida cotiá.
- Coñecer os aspectos fundamentais das ciencias da natureza, as ciencias sociais, a xeografía, a historia e a cultura, con especial atención aos relacionados e vinculados con Galicia.
- Iniciarse na utilización, para a aprendizaxe, das tecnoloxías da información e da comunicación, desenvolvendo un espírito crítico ante as mensaxes que reciben e elaboran.
- Utilizar diferentes representacións e expresións artísticas e iniciarse na construción de propostas visuais e audiovisuais.
- Valorar a hixiene e a saúde, aceptar o propio corpo e o das demais persoas, respectar as diferenzas e utilizar a educación física e o deporte como medios para favorecer o desenvolvemento persoal e social.
- Coñecer e valorar os animais máis próximos ao ser humano e adoptar modos de comportamento que favorezan o seu coidado.
- Desenvolver as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como unha actitude contraria á violencia, aos prexuízos de calquera tipo e aos estereotipos sexistas e de discriminación por cuestións de diversidade afectivo-sexual.
- Coñecer, apreciar e valorar as singularidades culturais, lingüísticas, físicas e sociais de Galicia, poñendo de relevancia as mulleres e homes que realizaron achegas importantes á cultura e á sociedade galega.
- Implementar os obxectivos xerais que vertebran a nosa Misión Educativa Escolapia que orientan toda a nosa planificación e son os fundamentos do Proxecto Educativo Integral (PEI) dos colexios Escolapios, e que son os seguintes:
  - a. Atención a nenos e mozos desde os seus primeiros anos, especialmente aos máis pobres, ofrecendo a Educación Integral baseada na Piedade e as Letras, segundo o modelo da escola popular cristiá.
  - b. Proporcionar ambientes educativos acolledores, positivos e inclusivos que respondan ás necesidades educativas do alumnado que se nos encomenda.
  - c. Promover nas nosas comunidades educativas a formación, a reflexión, a participación e creatividade, tanto no eido da pedagogía (“Marco pedagógico de Referencia”, “Respostas educativas á diversidade”, “rasgos do alumno escolapio” “EAS”) como no da pastoral (“Plan Arjé”), para dar respostas coherentes ás realidades de cada momento e de cada contexto.

A Educación Secundaria Obrigatoria contribuirá a desenvolver no alumnado as capacidades que lles permitan:

- Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e grupos; exercitarse no diálogo afianzando os dereitos humanos como valores comúns dunha sociedade plural e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.
- Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe como medio de desenvolvemento persoal.
- Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres.



- Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.
- Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información para, con sentido crítico, adquirir novos coñecementos. Desenvolver as competencias tecnolóxicas básicas e avanzar nunha reflexión ética sobre o seu funcionamento e a súa utilización.
- Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en distintas disciplinas, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas nos diversos campos do coñecemento e da experiencia.
- Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmos, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.
- Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, mensaxes e textos complexos, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.
- Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.
- Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das demais persoas, así como o patrimonio artístico e cultural.
- Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e do das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado, a empatía e o respecto cara aos seres vivos, especialmente os animais, e o ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.
- Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das distintas manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.
- Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.
- Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersoal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.
- Implementar os obxectivos xerais que vertebran a nosa Misión Educativa Escolapia que orientan toda a nosa planificación e son os fundamentos do Proxecto Educativo Integral (PEI) dos colexios Escolapios, e que son os seguintes:
  - a. Atención a nenos e mozos desde os seus primeiros anos, especialmente aos máis pobres, ofrecendo a Educación Integral baseada na Piedade e as Letras, segundo o modelo da escola popular cristiá.
  - b. Proporcionar ambientes educativos acolledores, positivos e inclusivos que respondan ás necesidades educativas do alumnado que se nos encomenda.
  - c. Promover nas nosas comunidades educativas a formación, a reflexión, a participación e creatividade, tanto no eido da pedagogía (Marco pedagógico de Referencia”, “Respostas educativas á diversidade”, “rasgos do alumno escolapio” “EAS” ) como no da pastoral (Proxecto ARJÉ) para dar respostas coherentes ás realidades de cada momento e de cada contexto.



O Bacharelato contribuirá a desenvolver no alumnado as capacidades que lle permitan:

- Exercer a cidadanía democrática, dende unha perspectiva global, e adquirir unha conciencia cívica responsable, inspirada polos valores da Constitución española e do Estatuto de Autonomía de Galicia, así como polos dereitos humanos, que fomente a corresponsabilidade na construción dunha sociedade xusta e equitativa.
- Consolidar unha madurez persoal, afectivo-sexual e social que lle permita actuar de forma respectuosa, responsable e autónoma, e desenvolver o seu espírito crítico. Prever, detectar e resolver pacificamente os conflitos persoais, familiares e sociais, así como as posibles situacións de violencia.
- Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades de mulleres e homes, analizar e valorar criticamente as desigualdades existentes, así como o recoñecemento e o ensino do papel das mulleres na historia, e impulsar a igualdade real e a non discriminación por razón de nacemento, sexo, orixe racial ou étnica, discapacidade, idade, enfermidade, relixión ou crenzas, orientación sexual ou identidade de xénero, ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.
- Afianzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina, como condicións necesarias para o eficaz aproveitamento da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- Dominar, tanto na súa expresión oral como na escrita, a lingua galega e a lingua castelá.
- Expresarse con fluidez e corrección nunha ou máis linguas estranxeiras.
- Utilizar con solvencia e responsabilidade as tecnoloxías da información e da comunicación.
- Coñecer e valorar criticamente as realidades do mundo contemporáneo, os seus antecedentes históricos e os principais factores da súa evolución. Participar de forma solidaria no desenvolvemento e na mellora do seu ámbito social.
- Acceder aos coñecementos científicos e tecnolóxicos fundamentais, e dominar as habilidades básicas propias da modalidade elixida.
- Comprender os elementos e procedementos fundamentais da investigación e dos métodos científicos. Coñecer e valorar de forma crítica a contribución da ciencia e da tecnoloxía no cambio das condicións de vida, así como afianzar a sensibilidade e o respecto cara ao ambiente.
- Afianzar o espírito emprendedor con actitudes de creatividade, flexibilidade, iniciativa, traballo en equipo, confianza nun mesmo e sentido crítico.
- Desenvolver a sensibilidade artística e literaria, así como o criterio estético, como fontes de formación e enriquecemento cultural.
- Utilizar a educación física e o deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Afianzar os hábitos de actividades físico-deportivas para favorecer o benestar físico e mental, así como medio de desenvolvemento persoal e social.
- Afianzar actitudes de respecto e prevención no ámbito da mobilidade segura e saudable.
- Fomentar unha actitude responsable e comprometida na loita contra o cambio climático e na defensa do desenvolvemento sustentable.
- Valorar, respectar e afianzar o patrimonio material e inmaterial de Galicia, e contribuír á súa conservación e mellora no contexto dun mundo globalizado.
- Implementar os obxectivos xerais que vertebran a nosa Misión Educativa Escolapia que orientan toda a nosa planificación e son os fundamentos do Proxecto Educativo Integral (PEI) dos colexios Escolapios, e que son os seguintes:
  - a. Atención a nenos e mozos desde os seus primeiros anos, especialmente aos máis pobres, ofrecendo a Educación Integral baseada na Piedade e as Letras, segundo o modelo da escola popular cristiá.



- b. Proporcionar ambientes educativos acolledores, positivos e inclusivos que respondan ás necesidades educativas do alumnado que se nos encomenda.
- c. Promover nas nosas comunidades educativas a formación, a reflexión, a participación e creatividade, tanto no eido da pedagogía como no da pastoral, para dar respostas coherentes ás realidades de cada momento e de cada contexto.

## **b) A CONTRIBUCIÓN Á ADQUISICIÓN DE COMPETENCIAS.**

As Competencias clave son as seguintes: Competencia en comunicación lingüística (CCL); Competencia plurilingüe (CP); Competencia matemática e competencia en ciencia, tecnoloxía e enxeñaría (STEM); Competencia dixital (CD); Competencia persoal, social e de aprender a aprender (CPSAA); Competencia cidadá (CC); Competencia emprendedora (CE); e Competencia en conciencia e expresión culturais (CCEC). A estas competencias, coherentes co noso Carácter Propio, engadimos a Competencia Espiritual (CES).

As competencias presentan as seguintes características:

- Promoven o desenvolvemento de capacidades, máis cá asimilación de contidos, aínda que estes están sempre presentes á hora de concretar as aprendizaxes.
- Teñen en conta o carácter aplicativo das aprendizaxes, xa que se entende que unha persoa “competente” é aquela capaz de resolver os problemas propios do seu ámbito de actuación.
- Baséanse no seu carácter dinámico, posto que se desenvolven de maneira progresiva e poden ser adquiridas en situacións e institucións formativas diferentes.
- Teñen un carácter interdisciplinar e transversal, xa que integran aprendizaxes procedentes de distintas disciplinas.
- Son un punto de encontro entre a calidade e a equidade, porque pretenden garantir unha educación que dea resposta ás necesidades reais da nosa época (calidade) e que sirva de base común a todos os cidadáns (equidade).

Contribución á adquisición das competencias:

- As competencias clave deben estar integradas nas áreas ou materias das propostas curriculares, e nelas defínense, explicitárense e desenvólense suficientemente os resultados de aprendizaxe que o alumnado debe acadar.
- As competencias deben desenvolverse nos ámbitos da educación formal, non formal e informal ao longo das etapas, e na educación permanente durante toda a vida.
- Todos os obxectivos das áreas ou materias do currículo deben contribuír, dende o seu ámbito correspondente, no desenvolvemento das distintas competencias do alumnado.
- A selección dos contidos e as metodoloxías deben asegurar o desenvolvemento das competencias clave ao longo da vida académica.
- Os criterios de avaliación deben servir de referencia para valorar o que o alumnado sabe e sabe facer en cada área ou materia. Estes criterios de avaliación desglósanse en mínimos de consecución avaliábeis. Para valorar o desenvolvemento competencial do alumnado, serán estes mínimos de consecución avaliábeis, como elementos de maior concreción, observables e medíbeis, os que, ao poñérense en relación coas competencias, permitirán graduar o rendemento ou desempeño acadado en cada unha delas.
- O conxunto dos obxectivos, contidos, criterios de avaliación e mínimos de consecución avaliábeis dunha área ou materia determinada dará lugar ao seu perfil de área ou materia. Dado que todos eles se poñen en relación coas competencias, este perfil permitirá identificar aquelas competencias que se desenvolvan a través desa área ou materia.



- Todas as áreas e materias deben contribuír ao desenvolvemento competencial. O conxunto de mínimos de consecución avaliáveis das diferentes áreas ou materias que se relacionan cunha mesma competencia dá lugar ao perfil desa competencia (perfil de competencia). A elaboración deste perfil facilitará a avaliación competencial do alumnado.

### **c) OS CRITERIOS PARA INCORPORAR ELEMENTOS TRANSVERSAIS.**

Nas distintas etapas, sen prexuízo do seu tratamento específico nalgúñas das materias da etapa, a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e a comunicación, o emprendemento e a educación cívica e constitucional traballaranse en todas as materias.

Dende todas as materias fomentárase o desenvolvemento dos valores que potencien a igualdade efectiva entre homes e mulleres e a prevención da violencia de xénero, e dos valores inherentes ao principio de igualdade de trato e non discriminación por calquera condición ou circunstancia persoal ou social.

Así mesmo, fomentárase a aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto aos dereitos humanos e o rexeitamento á violencia terrorista, a pluralidade, o respecto ao Estado de dereito, o respecto e consideración ás vítimas do terrorismo e a prevención do terrorismo e de calquera tipo de violencia.

A programación docente debe comprender en todo caso a prevención da violencia de xénero, da violencia terrorista e de calquera forma de violencia, racismo ou xenofobia, incluído o estudo do Holocausto xudeu como feito histórico. Evitaranse os comportamentos e contidos sexistas e estereotipos que supoñan discriminación.

Os currículos incorporan elementos curriculares relacionados co desenvolvemento sostible e o medio ambiente, os riscos de explotación e abuso sexual, as situacións de risco derivadas da utilización das tecnoloxías da información e a comunicación, así como a protección ante emerxencias e catástrofes. Igualmente, o currículo incorpora elementos curriculares orientados ao desenvolvemento e afianzamento do espírito emprendedor, á adquisición de competencias para a creación e desenvolvemento dos diversos modelos de empresas e ao fomento da igualdade de oportunidades e do respecto ao emprendedor e ao empresario, así como á ética empresarial. Fomentáranse actividades que permitan aos alumnos afianzar o espírito emprendedor e a iniciativa empresarial a partir de aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo e o sentido crítico.

A actividade física e a dieta equilibrada deben formar parte do comportamento xuvenil. A estes efectos, promoverase a práctica diaria de deporte e exercicio físico por parte do alumnado durante a xornada escolar, para favorecer unha vida activa, saudable e autónoma. Aprobárase cada curso un plan de hábitos saudables e actividades físicas.

No ámbito da educación e a seguridade vial, promoveranse accións para a mellora da convivencia e a prevención dos accidentes de tráfico, co fin de que o alumnado coñeza os seus dereitos e deberes como usuario das vías, en calidade de peóns, viaxeiros e condutores de bicicletas ou vehículos a motor, respecte as normas e sinais, e se favoreza a convivencia, a tolerancia, a prudencia, o autocontrol, o diálogo e a empatía con actuacións adecuadas para previr os accidentes de tráfico e as súas secuelas. O proceso de formación integral está intimamente relacionado coas intencións, finalidades e logros educativos que xorden no Carácter Propio.



## **c.1) TEMPO DE LECTURA E PRÁCTICA DA ORATORIA**

### **\* Criterios de organización e decisións para cada etapa educativa e/ou cursos e/ou áreas/materias/ámbitos**

Educación Primaria: Regularidade: 30 minutos diarios a lectura silenciosa ou compartida. Itinerario de textos: adaptados á idade e integrado de forma vertical no PLEA. Integración curricular: vincular a lectura con proxectos e con todas as materias instrumentais. Integración con diferentes actividades e departamentos do centro: visitas de autores, padrinos de lectura, biblioteca de centro, programa de patios inclusivos, ABP...

Educación Secundaria e Bacharelato: o equipo docente decidiu traballar a lectura en cada asignatura. Organizarase nos seminarios e quedará reflexado nas programacións no apartado 7 (Contidos Transversais) reflectirase a forma de traballala e avaliala. En canto a práctica da oratoria, continuaranse a facer exposicións orais.

### **\* Estratexias para a organización, coordinación e medición do "Tempo de lectura"**

Educación Primaria: Establecer no horario oficial en xade un bloque fixo de lectura diaria en todos os cursos. Crear espazos atractivos: biblioteca de aula, biblioteca de centro, zonas de descanso lector... Creación de sinerxias coas editoriais e autores e cos diferentes programas culturais: proporcionar fondos variados para a biblioteca, semanas e días temáticos de fomento da lectura, programa prensa escola. Medición: comisión de coordinación pedagóxica, xunta de delegados, enquisas de satisfacción ao alumnado

Educación Secundaria e Bacharelato: cada seminario organizará e coordinará o tempo de lectura para añadilo as programacións das distintas materias. Nas reunións de seminario, no seguimento das programacións tras cada Avaliación, farase un análisis do tempo de lectura levado a cabo por materia.

## **d) OS CRITERIOS DE CARÁCTER XERAL SOBRE A METODOLOXÍA.**

A metodoloxía didáctica empregada no noso colexio na Etapa de Educación Infantil será fundamentalmente comunicativa, global, significativa, inclusiva, activa e participativa incidindo na detección precoz das posibles dificultades e promovendo a equidade ante as desigualdades.

Neste sentido prestarase atención ao desenvolvemento de metodoloxías activas, adquirindo as aprendizaxes cun marcado carácter experimental integrando os elementos do currículo e do noso marco pedagóxico provincial. Por outra banda, utilizaremos nas nosas estratexias metodolóxicas os principios de inclusión e atención á diversidade do noso documento provincial "Respostas educativas á diversidade".

Así mesmo, a acción educativa procurará a integración das distintas experiencias e aprendizaxes do alumnado, e terá en conta os seus diferentes ritmos e preferencias de aprendizaxe, ademais de favorecer a capacidade de aprender por si mesmo. Por outra banda, a nosa metodoloxía promove a globalización e adaptación dos distintos ritmos de aprendizaxe.

Utilizaremos distintos métodos que teñan en conta os diferentes ritmos e estilos de aprendizaxe do alumnado, potenciando as súas habilidades máis destacables e facendo fincapé na atención á diversidade do alumnado e na atención individualizada. Ademais, potenciaremos na nosa metodoloxía dinámicas nas que se apliquen normas sociais que promovan a igualdade de xénero.



Propiciaremos unha transición positiva do contorno familiar ao escolar, establecendo dinámicas colaborativas e de diálogo entre familia e escola.

Realizaremos diferentes proxectos significativos e de actualidade que partan dos coñecementos previos do alumnado e do seu contorno próximo, así como dos seus centros de interese, os cales fomentarán a súa curiosidade e a motivación pola aprendizaxe. Estes proxectos estarán relacionados coas áreas de crecemento en harmonía, o descubrimento e exploración da contorna e a comunicación e representación da realidade.

Realizaremos actividades que partan da observación e experimentación e potenciaremos o desenvolvemento de habilidades para traballar de forma cooperativa e colaborativa, incidindo na escoita activa e a negociación, facilitando a propia aprendizaxe, compartíndoa e favorecendo a inclusión de todo o alumnado. Reforzaremos nas nosas dinámicas de aula a autoestima, o espírito crítico, a reflexión e a responsabilidade, favorecendo as situacións de aprendizaxe globais, significativas e estimulantes. Contribuíndo co anterior, integrarase un aula multisensorial na que continuar coa aprendizaxe a través do xogo e da exploración creativa. Os nenos/as teñen a liberdade de elixir e manipular diferentes materiais artísticos e de experimentar con diferentes técnicas e formas de expresión. Foméntase o xogo simbólico, a improvisación e a creación colectiva, favorecendo o traballo en equipo e a colaboración entre nenos/as. O alumnado visitará tamén a horta escolar que se relacionará coas áreas curriculares e a Educación Ambiental (alimentación, reciclaxe, respecto polo planeta...), favorecendo do mesmo modo a competencia interpersoal.

A nosa metodoloxía comprende procesos de coñecemento e dominio do propio corpo e da individualización, así coma a construción dunha trama de relacións e interaccións co contorno físico e social e atendendo sempre ao noso carisma e carácter propio.

Nesta etapa de Educación Infantil desenvolveremos metodoloxías que respectan os diferentes ritmos, a implementación de estratexias de disciplina positiva e modos de aprendizaxe, ofrecendo múltiples posibilidades de experimentar, manipular, crear, escoitar...para así chegar ao coñecemento. Atenderemos ao desenvolvemento intelectual e físico, potenciando as capacidades e destrezas do noso alumnado. Porase en práctica un programa de estimulación temperá, realizando diariamente o pase de unidades de información categorizadas, como son os bits de intelixencia e un programa de desenvolvemento motriz básico que potencia as habilidades de coordinación motriz e a estimulación cerebral.

A metodoloxía didáctica empregada no resto das etapas educativas será tamén e fundamentalmente comunicativa, inclusiva, activa e participativa, e dirixida ao logro dos obxectivos e das competencias clave de todos os alumnas e alumnos sen excepción, para responder con eficacia aos retos do século XXI.

Igualmente, prestarase atención ao desenvolvemento de metodoloxías activas que permitan integrar os elementos do currículo e do noso marco pedagóxico provincial mediante o desenvolvemento de tarefas e actividades relacionadas coa resolución de problemas en contextos da vida real. Por outra banda, utilizaremos nas nosas estratexias metodolóxicas os principios de inclusión e atención á diversidade do noso documento provincial “Respostas educativas á diversidade”.

Así mesmo, a acción educativa procurará a integración das distintas experiencias e aprendizaxes do alumnado, e terá en conta os seus diferentes ritmos e preferencias de aprendizaxe, ademais de favorecer a capacidade de aprender por si mesmo. Por outra banda, a nosa metodoloxía fomentará o traballo colaborativo e en equipo, e potenciará unha aprendizaxe significativa que promova a autonomía e a reflexión mediante a avaliación formativa.

Do mesmo modo, utilizaremos distintos métodos que teñan en conta os diferentes ritmos e estilos de aprendizaxe do alumnado, potenciando as súas habilidades máis destacables e facendo fincapé na atención á diversidade do alumnado, na atención individualizada, na prevención das dificultades de aprendizaxe e na posta en práctica de mecanismos de reforzo e ampliación. Ademais, potenciaremos na nosa metodoloxía dinámicas nas que se apliquen normas sociais que promovan a igualdade de xénero.



Realizaremos diferentes proxectos significativos e de actualidade que partan dos coñecementos previos do alumnado e do seu contorno próximo, así como dos seus centros de interese, os cales fomentarán a súa curiosidade e a motivación pola aprendizaxe.

Realizaremos actividades que partan da observación e experimentación e potenciaremos o desenvolvemento de habilidades para traballar de forma cooperativa e colaborativa facilitando a propia aprendizaxe, compartíndoa e favorecendo a inclusión de todo o alumnado. Reforzaremos nas nosas dinámicas de aula a autoestima, o espírito crítico, a reflexión e a responsabilidade, favorecendo a capacidade de aprender por si mesmos e promovendo o traballo en equipo e o emprendemento.

A nosa metodoloxía partirá dun enfoque globalizador e interdisciplinar baseado nunha aprendizaxe competencial e, atendendo ao noso carisma e carácter propio, permitirá conectar contidos das distintas materias curriculares ademais de abordar os diferentes elementos transversais, tendo en conta os recursos do noso colexio, como as diferentes aulas, espazos exteriores, biblioteca escolar, etc.

A relevancia das tecnoloxías dixitais, da I.A. e o seu uso crítico e as contornas virtuais de aprendizaxe na sociedade actual fai necesario que o alumnado as integre na súa aprendizaxe facendo un uso seguro, crítico e responsable a través dos dispositivos móbiles. Aprobarase ademais, cada curso, un plan TIC. Buscaremos tarefas nas que o alumnado teña que planificar, deseñar, propoñer e comunicar diferentes propostas a situacións presentadas, fomentando a creatividade, empregando a información proporcionada polos medios tecnolóxicos e utilizando de xeito eficiente diferentes ferramentas e dispositivos dixitais.

A nosa metodoloxía parte das aprendizaxes máis simples cara a outras máis complexas utilizando para isto diferentes estratexias de aprendizaxe e tratamento da información: rutinas e destrezas de pensamento, mapas visuais, esquemas e resumos, lapbooks, flippedclassroom, gamificación, vídeos explicativos...

Combinaremos o traballo individual e o cooperativo, en no caso da EP a disciplina positiva, propiciando e posibilitando a resolución conxunta e colaborativa das tarefas, favorecendo a participación do alumnado, facéndoo protagonista das súas aprendizaxes. As nosas propostas metodolóxicas perseguirán en último termo a transformación da sociedade segundo os valores do Centro.

De acordo ao noso documento provincial “Respostas educativas á diversidade”, levaremos a cabo medidas de carácter organizativo que favorezan a composición de grupos flexibles de alumnado. Neste sentido, restructuraremos, ao finalizar as etapas de EI e EP, e ao finalizar 4º de EP, os tres grupos de alumnos do xeito que segue a continuación: FASE 1. O/A titor/a, a final de curso, establecerá tres grupos de alumnado en base aos seguintes criterios: a) Tres grupos compensados respecto do número de nenas e número de nenos; b) Tres grupos compensados respecto do rendemento académico (datos obxectivos: nivel de adquisición das competencias); c) Tres grupos compensados respecto de alumnos con necesidades educativas especiais; d) Tres grupos compensados respecto de variables que o/a titor/a detectase (relacións sociais, roles establecidos, etc.). FASE 2. A comisión de coordinación pedagóxica, con presenza dos coordinadores de cursos, direccións e departamento de orientación, estudará e propondrá modificacións, se o ve oportuno, aos grupos establecidos. FASE 3. O equipo directivo aprobará a nova configuración dos grupos.

Esta restructuración de grupos poderá realizarse en cursos intermedios, se o equipo docente e o Departamento de Orientación consideran que existe algunha circunstancia que altere os catro criterios anteriormente citados. Poderanse reorganizar os grupos ou realizar cambios puntuais por razóns organizativas (criterios académicos, pedagóxicos, convivencia...).

A lectura constituirá un factor fundamental para o desenvolvemento das competencias clave. É de especial relevancia o desenvolvemento de estratexias de comprensión de lectura de todo tipo de textos e imaxes, en calquera soporte e formato. Co fin de fomentar o hábito e o dominio da lectura, así como o da comunicación, o centro organizará a práctica docente de todas as materias, de xeito que se garanta nesta a incorporación dun tempo de lectura e práctica da oratoria nos termos recollidos nas programación e no Plan Lector.



Impartiranse de xeito integrado o currículo de todas as linguas da oferta educativa, co fin de favorecer que todos os coñecementos e as experiencias lingüísticas do alumnado contribúan ao desenvolvemento da súa competencia comunicativa plurilingüe. No Proxecto Lingüístico do Centro concretaranse as medidas tomadas para a impartición do currículo integrado das linguas.

Potenciaranse os modos, formas e maneiras de achegar ao noso centro educativo aos diferentes ámbitos da nosa acción: educativo, pastoral (grupos de *Movemento Calasanz*, celebracións e Eucaristías, Retiros...), social (Grupos de Voluntariado, actividades de carácter solidario, etc), etc., co fin de desenvolver adecuadamente a nosa Misión.

Unha das características do noso Centro é a relación fluída e próxima coas familias. Ademais de Educamos, existen outros medios dispoñibles para que as familias poidan comunicarse co persoal do Centro e acceder á documentación necesaria: documentación do Centro na Secretaría para consulta, circulares (dixital ou en papel), axenda do alumnado, páxina web, RRSS, titorías e entrevistas cos tiores, membros das Comisións de Coordinación Pedagóxica e Equipo Directivo, nos alumnos mais novos relación diaria entre tiores - familiares tanto nas entradas e nas saídas (coa información oral correspondente),...

#### **e) OS CRITERIOS DE CARÁCTER XERAL SOBRE OS MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS.**

Estes principios psicopedagóxicos implican ou concrétnanse nunha serie de principios didácticos, a través dos que se especifican novos condicionantes nas formas de ensinanza-aprendizaxe, que constitúen un desenvolvemento máis pormenorizado dos principios metodolóxicos establecidos no currículo:

1. Asegurar a relación das actividades de ensinanza e aprendizaxe coa vida real do alumnado, partindo, sempre que sexa posible, da súa propia experiencia.
2. Diseñar actividades de ensinanza-aprendizaxe que permitan aos alumnos establecer relacións substantivas entre os coñecementos e experiencias previas e as novas aprendizaxes, facilitando deste modo a construción de aprendizaxes significativas.
3. Organizar os contidos arredor de eixes que permitan abordar os problemas, as situacións e os acontecementos dentro dun contexto e na súa globalidade.
4. Favorecer a interacción alumno-profesor e alumno-alumno, para que se produza a construción de aprendizaxes significativas e a adquisición de contidos de claro compoñente cultural e social.
5. Potenciar o interese espontáneo do alumnado no coñecemento dos códigos convencionais e instrumentos de cultura, aínda sabendo que as dificultades que estas aprendizaxes conlevan poden desmotivar. Cómpre prevelas e graduar as actividades en consecuencia.
6. Ter en conta as peculiaridades de cada grupo e os ritmos de aprendizaxe de cada alumno en concreto, para adaptar os métodos e recursos ás diferentes situacións.
7. Proporcionar continuamente información ao alumno sobre o momento do proceso de aprendizaxe no que se atopa, clarificando os obxectivos que debe acadar, facéndolle tomar conciencia das súas posibilidades e das dificultades que debe superar, e propiciando a construción de estratexias de aprendizaxe innovadoras.
8. Impulsar as relacións entre iguais proporcionando pautas que permitan a confrontación e modificación de puntos de vista, a coordinación de intereses, a toma de decisións colectivas, a axuda mutua e a superación de conflitos mediante o diálogo e a cooperación.
9. Diseñar actividades para conseguir a plena adquisición e consolidación de contidos tendo en conta que moitos deles non se adquiren unicamente a través das actividades desenvolvidas no contexto da aula, pero que o funcionamento da escola como organización social si pode facilitar: participación, respecto, cooperación, solidariedade, tolerancia, liberdade responsable, etc.



Para potenciar a motivación pola aprendizaxe de competencias requirense metodoloxías activas e contextualizadas.

As metodoloxías activas han de apoiarse en estruturas de aprendizaxe cooperativa, de forma que, a través da resolución conxunta das tarefas, os membros do grupo coñezan as estratexias utilizadas polos seus compañeiros e poidan aplicalas en situacións similares. Para un proceso de ensinanza- aprendizaxe competencial as estratexias interactivas son as máis adecuadas, ao permitir compartir e construír o coñecemento e dinamizar a sesión de clase mediante o intercambio verbal e colectivo de ideas.

As metodoloxías que contextualizan a aprendizaxe e permiten a aprendizaxe por proxectos, os centros de interese, o estudo de casos ou a aprendizaxe baseada en problemas favorecen a participación activa, a experimentación e unha aprendizaxe funcional que vai facilitar o desenvolvemento das competencias, así como a motivación dos alumnos e alumnas ao contribuír decisivamente á transferibilidade das aprendizaxes. O traballo por proxectos, especialmente relevante para a aprendizaxe por competencias, baséase na proposta dun plan de acción co que se busca conseguir un determinado resultado práctico. Esta metodoloxía pretende axudar ao alumnado a organizar o seu pensamento favorecendo neles a reflexión, a crítica, a elaboración de hipóteses e a tarefa investigadora a través dun proceso no que cada un asume a responsabilidade da súa aprendizaxe, aplicando os seus coñecementos e habilidades a proxectos reais. Favorécese, polo tanto, unha aprendizaxe orientada á acción na que se integran varias áreas ou materias: os estudantes poñen en xogo un conxunto amplo de coñecementos, habilidades ou destrezas e actitudes persoais; é dicir, os elementos que integran as distintas competencias.

O uso do portfolio aporta información extensa sobre a aprendizaxe do alumnado, reforza a avaliación continua e permite compartir resultados de aprendizaxe. O portfolio é unha ferramenta motivadora para o alumnado que potencia a súa autonomía e desenvolve o seu pensamento crítico e reflexivo.

A selección e uso de materiais e recursos didácticos constitúe un aspecto esencial da metodoloxía. O profesorado debe implicarse na elaboración e deseño de diferentes tipos de materiais, adaptados aos distintos niveis e aos diferentes estilos e ritmos de aprendizaxe dos alumnos e alumnas, co obxecto de atender á diversidade na aula e personalizar os procesos de construción das aprendizaxes. Débese potenciar o uso dunha variedade de materiais e recursos, considerando especialmente a integración das Tecnoloxías da Información e a Comunicación no proceso de ensinanza-aprendizaxe que permiten o acceso a recursos virtuais.

Ademais das citadas na normativa vixente, o centro poderá poñer en práctica outras metodoloxías activas como son:

- Aprendizaxe e servizo: metodoloxía pedagóxica baseada na experiencia solidaria, a través dun proxecto na que os estudantes, docentes e membros dunha institución comunitaria ou pública traballan xuntos para satisfacer unha necesidade dunha comunidade, integrando e aplicando coñecementos académicos.
- Destrezas e rutinas de pensamento: aplicación competente e estratéxica de destrezas de pensamento e hábitos da mente produtivos que permiten levar a cabo actos meditados de pensamentos, como tomar decisións, argumentar e outras accións analíticas, creativas ou críticas.
- Flipped classroom ou clase invertida: modelo pedagóxico que transfire o traballo de determinados procesos de aprendizaxe fóra da aula e utiliza o tempo de clase, xunto coa experiencia do docente, para facilitar e potenciar outros procesos de adquisición e práctica de coñecementos dentro da aula.
- Gamificación.
- Debates na aula.
- Aprendizaxes baseadas en proxectos – ABP.
- Traballlos baseados nas intelixencias múltiples.



Finalmente, é necesaria unha adecuada coordinación entre os docentes sobre as estratexias metodolóxicas e didácticas que se utilicen. Os equipos educativos deben propoñerse unha reflexión común e compartida sobre a eficacia das diferentes propostas metodolóxicas con criterios comúns e consensuados. Esta coordinación e a existencia de estratexias cohesionadas permiten abordar con rigor o tratamento integrado das competencias e progresar cara unha construción colaborativa do coñecemento.

## f) OS CRITERIOS DE OFERTA EDUCATIVA, ITINERARIOS E OPTATIVIDADE.

No primeiro e segundo curso da Educación Secundaria as dúas sesión lectivas de libre disposición do centro dedicaranse a incrementar a carga lectivas das materias de Lengua Castellana e Lingua Galega (1º) Matemáticas e Inglés (2º).

A optatividade en 3ºESO e Oratoria e Francés

A organización e o horario semanal das materias en 4ºESO quedan establecidos no centro da seguinte maneira (LOMLOE):

| Materias                                      | Itinerario Científico-Técnico | Itinerario Humanidades/ Ciencias Sociais |
|-----------------------------------------------|-------------------------------|------------------------------------------|
| Bloque de materias comúns                     |                               |                                          |
| Lingua Castelá e Literatura                   | 3                             | 3                                        |
| Lingua Galega e Literatura                    | 3                             | 3                                        |
| Lingua Inglesa                                | 3                             | 3                                        |
| Matemáticas orientadas ás ensinanzas          | 4                             | 4                                        |
| académicas/Matemáticas Aplicadas              |                               |                                          |
| Xeografía e Historia                          | 3                             | 3                                        |
| Educación Física                              | 2                             | 2                                        |
| Titoría                                       | 1                             | 1                                        |
| Bloque de materias troncais de opción         |                               |                                          |
| Biología-Xeoloxía                             | 3                             |                                          |
| Física-Química                                | 3                             |                                          |
| Latín                                         |                               | 3                                        |
| Economía                                      | 3                             | 3                                        |
| Bloque de materias específicas (a escoller 2) |                               |                                          |
| Educación Plástica, Visual e Audiovisual      | 3                             | 3                                        |
| Dixitalización                                | 3                             | 3                                        |
| Filosofía                                     | 3                             | 3                                        |
| Segunda Lingua Estranxeira: Francés           | 3                             | 3                                        |
| TOTAL HORAS                                   | 32                            | 32                                       |



A organización e o horario semanal das materias en 1º de Bacharelato quedan establecidos no centro da seguinte maneira (LOMLOE):

| Materias                                                           | Modalidade<br>Ciencias e Tecnoloxía |    | Modalidade<br>Humanidades e Ciencias<br>Sociais |                            |
|--------------------------------------------------------------------|-------------------------------------|----|-------------------------------------------------|----------------------------|
|                                                                    |                                     |    | Vía<br>Humanidad<br>es                          | Vía<br>Ciencias<br>Sociais |
| Bloque de materias común                                           |                                     |    |                                                 |                            |
| Educación Física                                                   | 3                                   |    | 3                                               | 3                          |
| Filosofía                                                          | 3                                   |    | 3                                               | 3                          |
| Lingua Castelá e Literatura I                                      | 3                                   |    | 3                                               | 3                          |
| Lingua Estranxeira I: Inglés                                       | 3                                   |    | 3                                               | 3                          |
| Lingua Galega e Literatura I                                       | 3                                   |    | 3                                               | 3                          |
| Bloque de materias de modalidade (a escoller 3 en cada modalidade) |                                     |    |                                                 |                            |
| Matemáticas I                                                      | 4                                   |    |                                                 |                            |
| Bioloxía, Xeoloxía e Ciencias Ambientais                           | 4                                   |    |                                                 |                            |
| Debuxo Técnico I                                                   | 4                                   |    |                                                 |                            |
| Física e Química                                                   | 4                                   |    |                                                 |                            |
| Latín I                                                            |                                     |    | 4                                               |                            |
| Matemáticas Aplicadas ás Ciencias Sociais I                        |                                     |    |                                                 | 4                          |
| Economía                                                           |                                     |    | 4                                               | 4                          |
| Historia do Mundo Contemporáneo                                    |                                     |    | 4                                               | 4                          |
| Bloque de materias optativas (a escoller 1)                        |                                     |    |                                                 |                            |
| Segunda Lingua Estranxeira I: Francés                              | 4                                   | 4  | 4                                               | 4                          |
| Tecnoloxías da Información e da Comunicación I                     | 4                                   | 4  | 4                                               | 4                          |
| Bloque de materias de libre configuración do centro                |                                     |    |                                                 |                            |
| Relixión                                                           | 1                                   | 1  | 1                                               | 1                          |
| TOTAL HORAS                                                        | 32                                  | 32 | 32                                              | 32                         |

A organización e o horario semanal das materias en 2º de Bacharelato quedan establecidos no centro da seguinte maneira (LOMLOE):



| Materias                                                           | Modalidade<br>Ciencias e Tecnoloxía |    | Modalidade<br>Humanidades e CC. Sociais |                            |
|--------------------------------------------------------------------|-------------------------------------|----|-----------------------------------------|----------------------------|
|                                                                    |                                     |    | Vía<br>Humanidad<br>es                  | Vía<br>Ciencias<br>Sociais |
| Bloque de materias comúns                                          |                                     |    |                                         |                            |
| Lingua Castelá e Literatura I                                      | 3                                   |    | 3                                       | 3                          |
| Lingua Estranxeira I: Inglés                                       | 3                                   |    | 3                                       | 3                          |
| Historia de España                                                 | 3                                   |    | 3                                       | 3                          |
| Historia da Filosofía                                              | 3                                   |    | 3                                       | 3                          |
| Bloque de materias troncais de modalidade                          |                                     |    |                                         |                            |
| Matemáticas II                                                     | 4                                   |    |                                         |                            |
| Matemáticas Aplicadas ás Ciencias<br>Sociais II                    |                                     |    |                                         | 4                          |
| Latín II                                                           |                                     |    | 4                                       |                            |
| Bloque de materias de modalidade (a escoller 2 en cada modalidade) |                                     |    |                                         |                            |
| Bioloxía                                                           | 4                                   |    |                                         |                            |
| Química                                                            | 4                                   |    |                                         |                            |
| Debuxo Técnico II                                                  | 4                                   |    |                                         |                            |
| Física                                                             | 4                                   |    |                                         |                            |
| Xeografía                                                          |                                     |    | 4                                       | 4                          |
| Empresa e Deseño de Modelos de<br>Negocio                          |                                     |    | 4                                       | 4                          |
| Historia da Arte                                                   |                                     |    | 4                                       | 4                          |
| Bloque de materias optativas                                       |                                     |    |                                         |                            |
| Segunda Lingua Estranxeira I:<br>Francés                           | 4                                   |    | 4                                       | 4                          |
| Psicoloxía                                                         | 4                                   |    | 4                                       | 4                          |
| Tecnoloxías da Información e da<br>Comunicación I                  | 4                                   |    | 4                                       | 4                          |
| Bloque de materias de libre configuración autonómica               |                                     |    |                                         |                            |
| Lingua Galega e Literatura II                                      | 3                                   |    | 3                                       | 3                          |
| Bloque de materias de libre configuración do centro                |                                     |    |                                         |                            |
| Relixión                                                           | 1                                   |    | 1                                       | 1                          |
| TOTAL HORAS                                                        | 32                                  | 32 | 32                                      | 32                         |

Continuidade entre materias de Bacharelato:

| 1º curso de Bacharelato                                      | 2º curso de Bacharelato                         |
|--------------------------------------------------------------|-------------------------------------------------|
| Biología, Xeoloxía e Ciencias Ambientais                     | Biología                                        |
| Debuxo Técnico I                                             | Debuxo Técnico II                               |
| Física e Química                                             | Física                                          |
| Física e Química                                             | Química                                         |
| Latín I                                                      | Latín II                                        |
| Lingua Castelá e Literatura I                                | Lingua Castelá e Literatura II                  |
| Lingua Estranxeira I: Inglés                                 | Lingua Estranxeira II: Inglés                   |
| Lingua Galega e Literatura I                                 | Lingua Galega e Literatura II                   |
| Matemáticas I                                                | Matemáticas II                                  |
| Matemáticas I ou Matemáticas Aplicadas ás Ciencias Sociais I | Matemáticas Aplicadas ás Ciencias Sociais II    |
| Segunda Lingua Estranxeira I: Francés                        | Segunda Lingua Estranxeira II: Francés          |
| Tecnoloxías da Información e da Comunicación I               | Tecnoloxías da Información e da Comunicación II |



As modalidades de Bacharelato que se imparten no centro son as seguintes:

- Ciencias e Tecnoloxía
- Humanidades e Ciencias Sociais

Os itinerarios que ofertamos son os seguintes:

## 1º BACH

| MATERIAS COMÚNS                                                                                                                             |                                           |                                                 |                                           |                      |                                           |                                 |
|---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|-------------------------------------------|-------------------------------------------------|-------------------------------------------|----------------------|-------------------------------------------|---------------------------------|
| Lingua Galega e Literatura I – Lengua Castellana y Literatura I – 1ª Lingua Estranxeira: Inglés I – Filosofía – Educación Física – Relixión |                                           |                                                 |                                           |                      |                                           |                                 |
| MODALIDADE CIENCIAS E TECNOLOXÍA                                                                                                            |                                           |                                                 | MODALIDADE HUMANIDADES E CIENCIAS SOCIAIS |                      |                                           |                                 |
|                                                                                                                                             |                                           |                                                 | CIENCIAS SOCIAIS                          |                      | HUMANIDADES                               |                                 |
| Matemáticas I                                                                                                                               |                                           |                                                 | Matemáticas aplicadas ás CCSS I           |                      | Latín I                                   |                                 |
| Itinerario 1                                                                                                                                | Itinerario 2                              | Itinerario 3                                    | Itinerario 4                              | Itinerario 5         | Itinerario 6                              | Itinerario 7                    |
| <u>Bioloxía, Xeoloxía e Ciencias Ambientais</u>                                                                                             | <u>Debuxo Técnico I</u>                   | <u>Bioloxía, Xeoloxía e Ciencias Ambientais</u> | Historia do Mundo Contemporáneo           | Latín I              | Historia do Mundo Contemporáneo           | <u>Grego I</u>                  |
| Física e Química                                                                                                                            | Física e Química                          | <u>Tecnoloxía e Enxeñería I</u>                 | Economía                                  | Literatura Universal | Economía                                  | Matemáticas aplicadas ás CCSS I |
| Optativa (a escoller unha)                                                                                                                  | Optativa (a escoller unha)                | Optativa                                        | Optativa (a escoller unha)                | Optativa             | Optativa (a escoller unha)                | Optativa                        |
| Francés I<br>Cultura Científica<br>TICs I                                                                                                   | Francés I<br>Cultura Científica<br>TICs I | Literatura Galega do S.XX e a Actualidade       | Francés I<br>Cultura Científica<br>TICs I | Anatomía aplicada    | Francés I<br>Cultura Científica<br>TICs I | <u>Antropoloxía</u>             |



### **g) OS CRITERIOS PARA O DESEÑO DAS ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS.**

Consideraranse actividades complementarias aquelas actividades didácticas que se realizan co alumnado en horario lectivo ou fóra del e que, formando parte da programación, teñen carácter diferenciado polo momento, espazo ou recursos que utilizan. Así, cabe considerar as visitas, traballo de campo, viaxes de estudo, conmemoracións e outras semellantes. Deberán figurar na Programación Xeral Anual do centro.

As actividades complementarias serán voluntarias, non lucrativas e non discriminatorias. Ao ser a participación do alumnado nelas voluntaria, requirirá autorización previa por escrito dos pais ou titores sempre que se desenvolvan fóra da cidade. No suposto de que esta non sexa outorgada, a dirección arbitrará a forma máis conveniente para atender aos alumnos que non participan nelas.

Os obxectivos da actividade estarán integrados nas programacións.

Existirán diversos tipos de agrupamentos, segundo as características da actividade, establecéndose actividades xerais do centro, por nivel, área ou ciclo.

Polos obxectivos propostos e tratándose de actividades que favorecen o desenvolvemento das competencias básicas, procurarase que todas as actividades programadas sexan moi participativas e nunca excluíntes.

É o Equipo Directivo do centro o encargado de promover, organizar e facilitar este tipo de actividades.

### **h) OS CRITERIOS PARA O DESEÑO DE PLANS DE REFORZO OU DE RECUPERACIÓN PARA O ALUMNADO QUE PROMOCIONE CON MATERIAS, ÁMBITOS OU MÓDULOS PENDENTES DE CURSOS ANTERIORES, DE SER O CASO.**

Atenderase de maneira específica ao alumnado que o precise, tendo en conta as súas capacidades e necesidades educativas e persoais. A información para a aplicación das medidas de atención á diversidade (MAD), obtérase a través dos informes dos titores, do Departamento de Orientación e da revisión do expediente académico.

- Aplicarase reforzo educativo ao alumnado que o precise, co emprego de modificacións nas metodoloxías, materiais empregados ou instrumentos de avaliación.
- Na atención ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo (NEAE), aplicaranse as medidas de atención á diversidade precisas para cada alumno/a, tendo en conta as súas características persoais e a súa evolución académica, coa finalidade de garantir o acceso ao proceso de ensino-aprendizaxe.
- Aplicarase adaptación curricular ao alumnado de NEE e, excepcionalmente de NEAE, que o precise, adaptando o nivel de competencia curricular e supoñendo a modificación, ampliación ou supresión de parte ou todos os elementos prescritivos do currículo, previa adopción de medidas ordinarias de atención á diversidade e sempre que o aconselle a avaliación psicopedagóxica.

Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes: terase en conta o Plan de Reforzo (artigo 51 da Orde do 8 de setembro 2021 de atención á diversidade). O plan deberá ser elaborado polo profesorado que imparte a materia baixo as directrices do departamento co coñecemento da titora ou titor. O plan deberá ter como referentes os obxectivos da materia e adquisición de competencias. Realizaráselle ao alumnado unha proposta de traballo completo e individualizado no que se desenvolvan os criterios mínimos exisibles en cada unidade didáctica. Esta proposta será resultado dun seguimento individualizado que se fará do alumnado revisando os traballos entregados por trimestre para poder asignar un novo traballo final.



Ademais disto, durante o primeiro trimestre do curso, sempre que os recursos humanos do centro o permitan, ofertaranse clases de reforzo (clases SU+MA) nas materias instrumentais de Matemáticas e Lengua Castellana dunha hora semanal en horario non lectivo a aqueles alumnos de ESO coa materia pendente de cursos anteriores.

O centro establecerá dúas convocatorias para a superación das materias pendentes en ESO e Bacharelato: unha convocatoria en xaneiro e outra en abril (para as materias pendentes de 1ºBACH.) ou maio (para as materias pendentes de ESO).

## **i) OS CRITERIOS PARA O DESEÑO DE PLANS ESPECÍFICOS DE REFORZO OU PERSONALIZADOS PARA O ALUMNADO QUE DEBA PERMANECER UN ANO MÁIS NO MESMO CURSO, DE SER O CASO.**

Plan Específico de Reforzo para o alumnado de Educación Primaria que permaneza un ano máis no mesmo curso:

1. Cando un alumno de Educación Primaria permaneza un curso máis no mesmo curso, deberá seguir un Plan Específico de Reforzo, que teña por obxecto abordar e superar as dificultades que provocaron esa repetición. Este plan será elaborado polo equipo docente, baixo a coordinación do profesorado, e desenvolverase ao longo do curso.

2. O Plan Específico de Reforzo deberá incluír, polo menos:

- a) Identificación do alumno.
- b) Relación de necesidades educativas que motivaron a repetición do curso.
- c) As medidas ordinarias aplicadas no curso anterior.
- d) Estratexias metodolóxicas que se empregarán no seu desenvolvemento.
- e) De ser o caso, oferta de medidas extraordinarias.
- f) Acreditación da información á familia.

3. En cada sesión de avaliación farase un seguimento do Plan Específico de Reforzo e, se é o caso, realizaranse os axustes oportunos. Ao final do curso, na mesma sesión de avaliación, informarase sobre o seu desenvolvemento e o seu progreso.

4. O Plan de Reforzo Educativo en EP preséntase como unha fórmula que permita seguir fortalecendo o acompañamento académico aos nosos alumnos, tanto para aqueles que necesiten permanecer un ano máis no mesmo curso, como para aqueles con dificultades significativas nas materias instrumentais. Os obxectivos deste plan son os seguintes: a) Optimizar os resultados, elevando as cualificacións e os resultados académicos. B) Ofrecer atención individualizada a alumnado con dificultades. C) Optimizar os recursos humanos no claustro de EP. D) Potenciar a coordinación académica entre os mestres. Materiais: a) Material de reforzo específico, elaboración coordinada entre profesor de materia e profesor de reforzo. B) Aula de utilización flexible para pequenos grupos de alumnado. Modalidades do plan: a) Lectoescritura - 1º (e excepcionalmente 2º de EP); b) P.A.R. (profesores auxiliares de reforzo) en 5º e 6º: 1h semanal por curso para as materias de Lingua Castelá e Matemáticas; c) Reforzo Educativo personalizado.

Plan Específico Personalizado para o alumnado de Educación Secundaria Obrigatoria que permaneza un ano máis no mesmo curso:

1. Cando un alumno de Educación Secundaria Obrigatoria permaneza un ano máis no mesmo curso, deberá seguir un plan específico e personalizado, que teña por obxecto adaptar as condicións curriculares ás necesidades do alumno ou alumna, para tratar de superar as dificultades detectadas. Este plan será elaborado polo equipo docente, baixo a coordinación do titor, e desenvolverase ao longo do curso.



2. O Plan Específico Personalizado deberá incluír, polo menos:

- a) Identificación do alumno.
- b) Relación das necesidades educativas que motivaron a repetición do curso.
- c) Medidas ordinarias aplicadas no curso anterior.
- d) Estratexias metodolóxicas que se empregarán no seu desenvolvemento.
- e) Recursos necesarios para o desenvolvemento do plan.
- f) De ser o caso, oferta de medidas extraordinarias.
- g) Acreditación da información á familia.

3. En cada sesión de avaliación farase un seguimento do plan específico personalizado e, de ser o caso, realizaranse os axustes oportunos. Ao final do curso, na mesma sesión de avaliación, informarase sobre o seu desenvolvemento e o seu uso.

4. O Plan de Reforzo en ESO, ademais do reforzo educativo en aula, incluírá, durante o segundo e terceiro trimestre do curso, sempre que os recursos humanos do centro así o permitan, as clases SU+MA, que consisten en ofertar unha hora semanal de reforzo nas materias instrumentais de Matemáticas e Lengua Castellana fóra do horario lectivo ao alumnado que amose dificultades significativas nesas materias.

## **j) OS CRITERIOS XERAIS PARA A AVALIACIÓN, E DE SER O CASO, A PROMOCIÓN E A TITULACIÓN.**

### **Avaliación en Educación Infantil e Primaria**

Os referentes para a valoración do grao de adquisición das competencias clave e o logro dos obxectivos das áreas e da etapa na avaliación das áreas serán os criterios de avaliación que figuran no Currículo. Os referentes no caso do alumnado con adaptación curricular serán os incluídos na devandita adaptación, sen que isto poida impedirle a promoción de curso ou á etapa seguinte.

A avaliación do alumnado será global, continua e formativa, e terá en conta o grao de desenvolvemento das competencias clave e o seu progreso no conxunto dos procesos de aprendizaxe. No contexto deste proceso de avaliación continua, cando o progreso dunha alumna ou dun alumno non sexa o axeitado, estableceranse medidas de reforzo educativo. Estas medidas adoptaranse en calquera momento do curso, tan axiña como se detecten as dificultades, e estarán dirixidas a garantir a adquisición das aprendizaxes imprescindibles para continuar o proceso educativo.

Na avaliación promoverase o uso xeneralizado de instrumentos de avaliación variados, diversos e adaptados ás distintas situacións de aprendizaxe que permitan a valoración obxectiva de todo o alumnado.

A avaliación das aprendizaxes das alumnas e dos alumnos terá un carácter formativo e será un instrumento para a mellora tanto dos procesos de ensino como dos procesos de aprendizaxe. Nese sentido, o profesorado avaliará tanto as aprendizaxes do alumnado como os procesos de ensino e a súa propia práctica docente, para o cal establecerá indicadores de logro nas programacións docentes. Con independencia do seguimento realizado ao longo do curso, o equipo docente, coordinado pola titora ou polo titor do grupo, valorará, de forma colexiada, o progreso do alumnado nunha única sesión de avaliación que terá lugar ao finalizar o período lectivo do curso académico.



## **Avaliación en Educación Secundaria Obrigatoria**

Os referentes para a valoración do grao de adquisición das competencias clave e o logro dos obxectivos das materias e dos ámbitos e da etapa na avaliación das materias ou dos ámbitos serán os criterios de avaliación que figuran no Currículo. Os referentes da avaliación no caso do alumnado con adaptación curricular serán os incluídos na devandita adaptación, sen que isto poida impedirle a promoción ao seguinte curso ou a obtención do título de graduada ou graduado en Educación Secundaria Obrigatoria. A avaliación do proceso de aprendizaxe do alumnado de Educación Secundaria Obrigatoria será continua, formativa e integradora.

No contexto do proceso de avaliación continua, cando o progreso dunha alumna ou dun alumno non sexa o adecuado, estableceranse medidas de reforzo educativo. Estas medidas adoptaranse en calquera momento do curso, tan pronto como se detecten as dificultades, con especial seguimento da situación do alumnado con necesidades educativas especiais, e estarán dirixidas a garantir a adquisición do nivel competencial necesario para continuar o proceso educativo.

A avaliación das aprendizaxes das alumnas e dos alumnos terá un carácter formativo e será un instrumento para a mellora tanto dos procesos de ensino como dos procesos de aprendizaxe. Nese sentido, o profesorado avaliará tanto as aprendizaxes do alumnado como os procesos de ensino e a súa propia práctica docente, para o cal establecerá indicadores de logro nas programacións docentes. A avaliación do proceso de aprendizaxe do alumnado deberá ser integradora e deberán terse en conta como referentes últimos, desde todas e cada unha das materias ou ámbitos, a consecución dos obxectivos establecidos para a etapa e o grao de adquisición das competencias clave previstas no perfil de saída. O carácter integrador da avaliación non impedirá que o profesorado realice de xeito diferenciado a avaliación de cada materia ou ámbito tendo en conta os criterios de avaliación establecidos no Currículo.

Na avaliación, promoverase o uso xeneralizado de instrumentos de avaliación variados, diversos e adaptados ás distintas situacións de aprendizaxe, que permitan a valoración obxectiva de todo o alumnado, garantíndose, así mesmo, que as condicións de realización dos procesos asociados á avaliación se adapten ás necesidades do alumnado con necesidade específica de apoio educativo.

Con independencia do seguimento realizado ao longo do curso, o equipo docente, coordinado pola titora ou polo titor do grupo, valorará de forma colexiada o progreso do alumnado nunha única sesión de avaliación, que terá lugar ao finalizar o período lectivo do curso académico.

## **Avaliación en Bacharelato**

Os referentes para a valoración do grao de adquisición das competencias clave e o logro dos obxectivos das materias e da etapa na avaliación das materias serán os criterios de avaliación que figuran no Currículo.

A avaliación da aprendizaxe do alumnado será continua e diferenciada segundo as distintas materias, terá un carácter formativo e será un instrumento para a mellora tanto dos procesos de ensino como dos procesos de aprendizaxe. Nese sentido, o profesorado avaliará tanto as aprendizaxes do alumnado como os procesos de ensino e a súa propia práctica docente, para o cal establecerá indicadores de logro nas programacións docentes.

O profesorado de cada materia decidirá, ao remate do curso, se a alumna ou o alumno logrou os obxectivos e alcanzou o adecuado grao de adquisición das competencias clave correspondentes.

O alumnado que non supere algunha materia, logo da avaliación final do período ordinario, coa finalidade de lle facilitar a súa recuperación, terá dereito a realizar unha proba extraordinaria nas datas que determine a Consellería con competencias en materia de educación.



Na avaliación promoverase o uso xeneralizado de instrumentos de avaliación variados, diversos, flexibles e adaptados ás distintas situacións de aprendizaxe, que permitan a valoración obxectiva de todo o alumnado e que garantan, así mesmo, que as condicións de realización dos procesos asociados á avaliación se adapten ás necesidades do alumnado con necesidade específica de apoio educativo.

### **Promoción en Educación Primaria**

Ao finalizar os cursos segundo, cuarto e sexto da etapa, e como consecuencia do proceso de avaliación, o equipo docente do grupo, na sesión de avaliación final, decidirá sobre a promoción do alumnado. A decisión será adoptada de xeito colexiado, tendo en conta os criterios de promoción e tomando especialmente en consideración a información e o criterio do profesorado titor. A promoción no resto de cursos da etapa será automática.

O alumnado que acade a promoción de curso con algunha área con cualificación negativa recibirá os apoios necesarios para recuperar as aprendizaxes que non alcanzase o curso anterior.

O alumnado que non acade a promoción permanecerá un ano máis no mesmo curso. A permanencia no mesmo curso considerárase unha medida de carácter excepcional e tomarase, tras aplicar as medidas ordinarias suficientes, medidas adecuadas e personalizadas para atender o desfase curricular ou as dificultades de aprendizaxe da alumna ou do alumno, o equipo docente considera que a permanencia un ano máis no mesmo curso é a medida máis adecuada para favorecer o seu desenvolvemento. Nese caso, o equipo docente organizará un plan específico de reforzo para que, durante ese curso, a alumna ou o alumno poida alcanzar o grao de adquisición das competencias clave correspondentes. A decisión de permanencia no mesmo curso só poderá adoptarse unha vez durante a etapa, informadas as nais, os pais ou as persoas titoras legais, e terá, en todo caso, carácter excepcional.

Ao finalizar os cursos segundo, cuarto e sexto da etapa, o profesorado titor emitirá un informe sobre o grao de adquisición das competencias clave de cada alumna ou alumno, no cal indique, de ser o caso, as medidas de reforzo que se deben prever no ciclo ou na etapa seguinte.

Co fin de garantir a continuidade do proceso de formación do alumnado, cada alumna ou alumno disporá ao finalizar a etapa dun informe sobre a súa evolución e o grao de desenvolvemento das competencias clave.

### **Promoción en Educación Secundaria Obrigatoria**

Ao finalizar cada un dos cursos da etapa e como consecuencia do proceso de avaliación, o equipo docente da alumna ou do alumno, na sesión de avaliación final, decidirá sobre a súa promoción. A decisión será adoptada de xeito colexiado, atendendo ao grao de consecución dos obxectivos, ao grao de adquisición das competencias clave establecidas e á valoración das medidas que favorezan o progreso da alumna ou do alumno, e tendo en conta os criterios de promoción.

Para os efectos do disposto no punto anterior, acadará a promoción dun curso a outro o alumnado que superase as materias ou os ámbitos cursados ou teña avaliación negativa nunha ou dúas materias, considerándose para o cómputo as materias non superadas do propio curso e as de cursos anteriores. Ademais de nos casos anteriores, o equipo docente poderá decidir a promoción dunha alumna ou dun alumno, sempre que se cumpran tamén todas as condicións seguintes:

- a) Que a media aritmética das cualificacións obtidas en todas as materias e en todos os ámbitos en que estea matriculada ou matriculado nese ano académico sexa igual ou superior a cinco.
- b) Que a suma dos períodos lectivos semanais establecidos no Currículo das materias ou dos ámbitos con avaliación negativa non sexa superior a dez. Para estes efectos, non se considerarán as materias pendentes de cursos anteriores nin as horas de libre disposición.



c) Que o equipo docente considere que as materias ou os ámbitos con avaliación negativa non lle impiden seguir con éxito o curso seguinte.

d) Que o equipo docente considere que ten expectativas favorables de recuperación.

e) Que o equipo docente considere que a devandita promoción beneficiará a súa evolución académica.

O alumnado que acade a promoción de curso con materias ou ámbitos sen superar deberá seguir un plan de reforzo en cada unha desas materias ou ámbitos, destinado á súa recuperación e á súa superación. Este alumnado deberá superar as avaliacións correspondentes aos devanditos plans, de acordo co disposto pola Consellería con competencias en materia de educación. Esta circunstancia será tida en conta para os efectos de promoción e titulación.

O alumnado que non acade a promoción permanecerá un ano máis no mesmo curso. A permanencia no mesmo curso considerarase unha medida de carácter excepcional e tomarase logo de esgotar as medidas ordinarias de reforzo e apoio para superar as dificultades de aprendizaxe da alumna ou do alumno. En todo caso, a permanencia no mesmo curso planificarase de maneira que as condicións curriculares se adapten ás necesidades do alumnado e estean orientadas á superación das dificultades detectadas, así como ao avance e ao afondamento nas aprendizaxes xa adquiridas. Estas condicións recolleranse nun plan específico personalizado con cantas medidas se consideren adecuadas para este alumnado.

En todo caso, a alumna ou o alumno poderá permanecer no mesmo curso unha soa vez, e dúas veces como máximo ao longo do ensino obrigatorio. De xeito excepcional, poderase permanecer un ano máis no cuarto curso, aínda que se esgotase o máximo de permanencia, sempre que o equipo docente considere que esta medida favorece a adquisición das competencias clave establecidas para a etapa. Neste caso poderase prolongar un ano o límite de idade a que se refire o artigo 5.1. do Currículo.

Sen prexuízo do disposto no punto anterior, a escolarización do alumnado de necesidades educativas especiais na etapa de Educación Secundaria Obligatoria en centros ordinarios poderá prolongarse un ano máis, sempre que iso favoreza a adquisición das competencias clave establecidas e a consecución dos obxectivos xerais da etapa.

### **Título de graduada ou graduado en Educación Secundaria Obligatoria**

Ao finalizar o cuarto curso da etapa e como consecuencia do proceso de avaliación, o equipo docente da alumna ou do alumno, na sesión de avaliación final, decidirá sobre a súa titulación. A decisión será adoptada de xeito colexiado, atendendo á adquisición das competencias clave establecidas no perfil de saída e á consecución dos obxectivos da etapa, sen prexuízo do establecido no artigo 24.1, e tendo en conta os criterios de titulación.

Para os efectos do disposto no punto anterior, obterá o título de graduada ou graduado en Educación Secundaria Obligatoria o alumnado que supere todas as materias ou os ámbitos cursados. Ademais de no caso anterior, o equipo docente poderá decidir a obtención do título por parte dunha alumna ou dun alumno, sempre que se cumpran tamén todas as condicións seguintes:

a) Que a media aritmética das cualificacións obtidas en todas as materias e en todos os ámbitos en que estea matriculada ou matriculado nese ano académico sexa igual ou superior a cinco.

b) Que a xuízo do equipo docente a alumna ou o alumno adquirira as competencias clave establecidas no perfil de saída.

c) Que a xuízo do equipo docente a alumna ou o alumno alcanzase os obxectivos da etapa.

Para estes efectos, nos criterios de titulación establecidos non se poderán fixar número nin tipoloxía de materias non superadas.



### **Promoción en Bacharelato**

Ao finalizar o primeiro curso da etapa e como consecuencia do proceso de avaliación, o equipo docente de cada alumna ou alumno adoptará a decisión sobre a súa promoción ao segundo curso.

As alumnas e os alumnos acadarán a promoción de primeiro a segundo de bacharelato cando superen as materias cursadas ou teñan avaliación negativa en dúas materias como máximo.

O alumnado que acade a promoción ao segundo curso con materias pendentes deberá matricularse delas e cursalas ao longo do curso. O centro organizará as consecuentes actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes no marco organizativo que estableza a Consellería con competencias en materia de educación e tendo en conta que a avaliación destas materias terá que ser anterior á das materias de segundo curso.

As alumnas e os alumnos do primeiro curso de bacharelato que non cumpran as condicións de promoción establecidas deberán matricularse de todas as materias e repetir o curso na súa totalidade. A superación das materias de segundo curso que se indican no Currículo estará condicionada á superación das correspondentes materias de primeiro curso indicadas no devandito anexo, por implicar continuidade. Non obstante, dentro dunha mesma modalidade ou vía, o alumnado poderá matricularse da materia de segundo curso sen cursar a correspondente materia de primeiro curso, sempre que o profesorado que a imparta considere que a alumna ou o alumno cumpre as condicións necesarias para poder seguir con aproveitamento a materia de segundo, nos termos que estableza a Consellería con competencias en materia de educación. En caso contrario, deberá cursar a materia de primeiro curso, que terá a consideración de materia pendente, aínda que non será computable para os efectos de modificar as condicións en que acadou a promoción a segundo.

As alumnas e os alumnos que ao termo do segundo curso teñan avaliación negativa nalgúns materias poderán matricularse delas sen necesidade de cursaren de novo as materias superadas ou poderán optar, así mesmo, por repetir o curso completo. Neste último caso, non se manterán as cualificacións das materias do devandito curso que a alumna ou o alumno tivese superado previamente.

A Consellería con competencias en materia de educación establecerá as condicións nas que unha alumna ou un alumno que cursase o primeiro curso de bacharelato nunha determinada modalidade ou vía poida pasar ao segundo curso nunha modalidade ou vía distinta, así como o cambio de materias.

### **Título de Bacharelato**

O título de Bacharel acredita o logro dos obxectivos establecidos para a etapa e a adquisición das competencias clave correspondentes.

Para obter o título de Bacharel cumprirá a avaliación positiva en todas as materias dos dous cursos de Bacharelato.

Excepcionalmente, o equipo docente poderá decidir a obtención do título de Bacharel por unha alumna ou un alumno que superase todas as materias, agás unha, sempre que se cumpran ademais todas as condicións seguintes:

- a) Que o equipo docente considere que a alumna ou o alumno alcanzou as competencias clave e os obxectivos vinculados a ese título.
- b) Que non se produciu unha inasistencia continuada e non xustificada por parte da alumna ou do alumno na materia.
- c) Que a alumna ou o alumno se presentou ás probas e realizou as actividades necesarias para a súa avaliación, incluídas as da convocatoria extraordinaria.
- d) Que a media aritmética das cualificacións obtidas en todas as materias da etapa cursadas que, como mínimo, se requiran para a obtención do título pola modalidade pola que se remata sexa igual ou superior a cinco. Neste caso, para os efectos do cálculo da cualificación final da etapa, considerarase a nota numérica obtida na materia non superada.



O título de Bacharel será único e expedirase con expresión da modalidade cursada e da nota media obtida. Esta obterase calculando a media aritmética das cualificacións de todas as materias cursadas, redondeada á centésima.

Para os efectos do cálculo da nota media para o alumnado que cambia de modalidade ou de materia en segundo curso, só se terán en conta as cualificacións das materias cursadas que, como mínimo, se requiran para a obtención do título pola modalidade pola que se remata.

### **Información sobre a avaliación**

- a) Os seminarios didácticos farán públicos ao comezo do período lectivo os contidos, procedementos, instrumentos e criterios de avaliación e cualificación, así como os mínimos de consecución avaliáveis das diferentes materias e os procedementos de recuperación e apoio previstos. Esta información facilitarase da seguinte maneira:
  - Nas reunións de pais de principio de curso os titores informarán de que os contidos, procedementos, instrumentos e criterios de avaliación e cualificación, así como os mínimos de consecución avaliáveis das diferentes materias adscritas ao departamento, así como os procedementos de recuperación e apoio previstos, estarán a disposición das familias que desexen consultalos, mediante unha entrevista co profesor da materia. O titor comunica que cada profesor informará na súa materia destes aspectos, poranse a disposicións das familias no MURO das familias en Educamos e na Secretaría do centro, xunto coa programación, para a súa consulta.
  - Ademais, esta información resumida darase aos alumnos na primeira semana de clase e colgarase no taboleiro da aula para a súa consulta ou enviarase por medios telemáticos.
  - O resto dos elementos do currículo recóllense nas programacións didácticas que forman parte da Programación Xeral Anual, documento que estará a disposición das familias e alumnos que o soliciten.
  - Na xuntanza de inicio de curso coas familias informarase das datas de avaliación.
- b) Ao finalizar cada unha das tres avaliacións, o titor ou titora entregará en man aos pais e nais ou titores legais o boletín de notas. Neste momento daráselles unha breve información sobre o aproveitamento académico do alumno e da marcha do seu proceso educativo. A tal efecto, utilizarase a información recollida no proceso de avaliación continua que se reflectirá no boletín informativo. Se fose necesario dar unha información máis extensa, indicáraselles aos pais a solicitude dunha tutoría posterior para poder tratar os asuntos que se consideren oportunos.
- c) Tras a avaliación final ordinaria de maio/xuño e, no seu caso, tras a avaliación extraordinaria de xuño, entregárase igualmente o boletín de notas, coa indicación, polo menos, dos seguintes extremos: as cualificacións obtidas nas distintas materias cursadas polo alumno, a promoción ou non ao curso seguinte e adxuntaráselle as medidas de atención á diversidade propostas polo equipo docente, no seu caso, para que o alumno acade os obxectivos programados.
- d) Os titores e os profesores das distintas materias manterán unha comunicación fluída cos alumnos e as súas familias no relativo ás valoracións sobre o proceso de aprendizaxe, co fin de propiciar as aclaracións precisas, así como a colaboración das familias para unha mellor eficacia do propio proceso.



- e) Os Seminarios didácticos conservarán os instrumentos de avaliación, polo menos ata doce meses despois de ter adoptadas as decisións e formuladas as correspondentes cualificacións finais de curso.
- f) Os criterios xerais sobre a realización de probas e exames no suposto da ausencia dun alumno son:

- **Probas parciais e probas de avaliación (globais)**

En caso de ausencia a un exame, este non se repetirá en data posterior, salvo excepcións provocadas por unha causa de forza maior, a saber:

- Hospitalización.
  - Falecemento dun familiar.
  - Competición en caso de deportistas de alto nivel.
  - Citación xudicial/administrativa.
  - Exames Oficiais.
  - Puntualmente, e non de forma reiterada, cando o alumno ou alumna padeza unha indisposición. Sempre con xustificación por escrito da familia (de consideralo necesario, poderase pedir xustificante de asistencia a consulta médica).
  - Calquera outro motivo de ausencia non contemplado neste documento que sexa considerado como xustificado a criterio do centro.
- ✓ Se a ausencia á proba está xustificada (enfermidade, por exemplo, mediante xustificante) a avaliación constará como "Non avaliada" salvo se, grazas á avaliación continua, o profesor considera que ten os datos suficientes para que o alumno poida ser avaliado. Poderase repartir o peso da cualificación da avaliación entre as probas realizadas, en coherencia cos criterios de cualificación establecidos na programación.
- Naquelas materias que contemplen na súa programación didáctica a realización de probas de recuperación, ofrecerase ao alumno a posibilidade de repetir a proba (se se trata dunha proba de avaliación) nesa data.
- Nas materias que non contemplen probas de recuperación ofrecerase ao alumno a posibilidade de realizar a proba de maneira extraordinaria nas datas nas que o resto de materias realizan as probas de recuperación (se se trata dunha proba de avaliación).
- ✓ Se a ausencia ao exame non está xustificada, a cualificación de dita proba será a mínima posible (0).

- **Probas finais**

No caso de ausencia a unha proba final nos supostos citados anteriormente, estudarase o caso concreto e o Seminario correspondente fixará a data máis conveniente.

A falta de asistencia ao centro nas horas anteriores e/ou o día previo a unha proba sen xustificar convenientemente supón a perda do dereito a realizar dita proba.

O criterio xeral en caso de alumnos que copien ou se deixen copiar nunha proba será o seguinte: o/s alumno/s suspenderán dita proba coa nota mínima (0), e a nota da avaliación calcularase normalmente. En caso de que a avaliación resulte suspensa por este motivo, procederase da mesma maneira que cando o suspenso é por calquera outro motivo (criterios que contempla cada Seminario).



Se un alumno durante o exame ten no seu poder un teléfono móbil ou calquera outro dispositivo electrónico con capacidade de almacenar arquivos (reloxo intelixente, etc.), despois de se indique que non o pode ter consigo, automaticamente considerarase que o alumno tivo a posibilidade de copiar e procederase a cualificar o exame coa nota mínima (0), da mesma maneira que se tivese copiado.

Hai elaboradas unhas normas de realización de exames que se comunican a familias e alumnado ao comezo de curso e se tratan en sesión de tutoría.

### **Sesións de avaliación**

As sesións de avaliación son as reunións que celebra o conxunto de profesores dun grupo de alumnos, coordinado polo profesor tutor, e asesorado polo Departamento de Orientación, para valorar a aprendizaxe dos alumnos en relación tanto co grao de adquisición das competencias como do logro dos obxectivos, e adoptar as medidas de apoio que fosen precisas.

O profesor tutor de cada grupo levantará acta do desenvolvemento das sesións, na que se farán constar os acordos alcanzados e as decisións adoptadas, e cumprimentará e custodiarase na plataforma Educamos a documentación derivada das mesmas, entre a que se encontrarán as actas parciais coas cualificacións parciais obtidas polos alumnos nas materias cursadas.

A valoración dos resultados derivados destes acordos e decisións constituirá o punto de partida da seguinte sesión de avaliación.

En caso de ausencia dalgunha das persoas que teñen a obriga de asistir, tomaranse as seguintes medidas:

- Cando sexa o tutor ou titora, será substituído polo profesor do grupo que designe Xefatura de Estudos.
- Cando sexa un profesor, este deberá entregar ao tutor ou titora un informe sobre os alumnos e o grupo no seu conxunto.

Nas sesións de avaliación acordarase tamén a información que se comunicará a cada alumno e aos seus pais ou titores legais sobre o resultado do proceso de aprendizaxe seguido e as actividades realizadas, incluíndo as cualificacións obtidas en cada materia e, no seu caso, as medidas de apoio adoptadas.

En cada curso da etapa celebraranse para cada grupo, ademais da avaliación final, polo menos tres sesións de avaliación dentro do período lectivo.

De forma previa á sesión de avaliación final, celebrarase para cada curso unha sesión de avaliación dos alumnos con materias pendentes. Nela consignaranse as cualificacións das materias pendentes de cursos anteriores nas correspondentes actas de avaliación.

Poderase facer coincidir nunha mesma sesión a última sesión de avaliación e a avaliación final. Como consecuencia desta última, consignaranse nos documentos de avaliación dos alumnos as cualificacións obtidas tanto nas materias do curso como nas materias pendentes, no seu caso, de cursos anteriores.

### **k) OS CRITERIOS XERAIS DE OUTORGAMENTO DE MATRÍCULAS DE HONRA EN ESO E BACHARELATO.**

O alumnado que, logo da avaliación final ordinaria do cuarto curso de ESO e segundo curso de BACHARELATO, obtivese unha nota media do curso igual ou superior a nove puntos poderá recibir a mención de Matrícula de Honra. A devandita mención poderá concederse, como máximo, a un



número de alumnas ou alumnos igual ao enteiro máis próximo ao 5 % do total de alumnado matriculado no centro docente nos devaditos cursos. A obtención da mención de Matrícula de Honra será consignada nos documentos de avaliación da alumna ou do alumno.

No caso de que o número de alumnos propostos para a cualificación de MH sexa superior ao número máximo de MH, esta cualificación concederáse aplicando os seguintes criterios de concesión en orde sucesiva, ata completar o número de MH.

En ESO:

- 1) Maior nota media en 4º ESO.
- 2) Maior número de cualificacións 10 en 4º ESO.
- 3) Maior nota media na etapa de ESO.
- 4) Maior número de cualificacións 10 na etapa de ESO.
- 5) Sorteo público.

En Bacharelato:

- 1) Maior nota media en 2º de Bacharelato.
- 2) Maior número de cualificacións 10 en 2º de Bacharelato.
- 3) Maior nota media en 1º de Bacharelato.
- 4) Maior número de cualificacións 10 en 1º de Bacharelato.
- 5) Sorteo público.

## **I) AS DECISIÓNS E CRITERIOS XERAIS PARA A ELABORACIÓN E AVALIACIÓN DAS PROGRAMACIÓNS DIDÁCTICAS.**

A programación didáctica terá que cumprir os seguintes obxectivos fundamentais de:

- Garantir a unidade e coherencia entre os distintos profesores que imparten nun mesmo curso.
- Garantir a unidade e coherencia entre os distintos profesores que imparten na etapa.
- Garantir a unidade e coherencia entre os distintos profesores que imparten unha mesma materia.
- Permitir a estabilidade da metodoloxía, en liña coas directrices pedagóxicas da Provincia Betania, que permitan a posibilidade de avaliar a práctica educativa en función dos resultados obtidos e buscar as melloras máis adecuadas.

As programacións didácticas son responsabilidade do equipo docente e son revisadas en Seminarios nun primeiro termo. Posteriormente, a CCP realizará outra revisión das mesmas e o equipo directivo unha última e, se xorde, propostas de mellora ao seminario correspondente antes da súa aprobación.

Todo o profesorado elaborará as programacións didácticas na aplicación PROENS, segundo o seguinte modelo:

- a) Introducción.
- b) Obxectivos da materia e a súa contribución ao desenvolvemento das competencias clave.
- c) Relación de unidades didácticas, entendidas como a parte do currículo da materia que se traballará, coa súa secuenciación e temporalización.
- d) Metodoloxía.
  - Concrecións metodolóxicas.
  - Materiais e recursos didácticos.



e) Avaliación.

- Procedemento para a avaliación inicial.
- Criterios de cualificación con indicación do grao mínimo de consecución para a superación da materia, e criterios de recuperación.
- Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes.
- Procedemento para acreditar os coñecementos necesarios en determinadas materias.

f) Medidas de atención á diversidade.

g) Transversal.

- Concreción dos elementos transversais.
- Actividades complementarias.

h) Práctica docente.

- Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente cos seus indicadores de logro.
- Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora da programación.

### **m) OS CRITERIOS PARA A PARTICIPACIÓN DO CENTRO EN PROXECTOS, PLANS E PROGRAMAS.**

Establécese unha estrutura piramidal, de maneira que as propostas de participación nos diferentes proxectos, plans e programas emanan dos diferentes equipos de titores, equipos docentes, grupos de traballo, seminarios e departamentos, para posteriormente realizar unha avaliación da viabilidade das mesmas e establecer unha coherencia educativa na Comisión de Coordinación Pedagóxica da etapa correspondente. En último termo, estas propostas poden ser examinadas e aprobadas no órgano do equipo directivo do centro. Así mesmo, o equipo directivo do centro fará propostas de participación en diferentes proxectos, respectando sempre unha coherencia educativa vertical e horizontal, establecendo itinerarios de participación e alineando todas estas experiencias coa proposta pedagóxica Provincial e o noso ideario de centro.

O centro conta cun Plan de Lectura, Escritura e Acceso á Información (PLEA) coa finalidade de promover a lectura, que se concreta anualmente a través de actuacións destinadas ao fomento da lectura, da escritura e das habilidades no uso, no tratamento e na produción da información, en apoio da adquisición das competencias clave. Inclúe a biblioteca escolar coas correspondentes actuacións, coa finalidade de promovelas como centro de referencia de recursos da lectura, da información e da aprendizaxe. Así mesmo, co Plan de Biblioteca, a biblioteca escolar será un punto de encontro entre alumnado, profesorado e familias que facilite a comunicación, a creatividade, as aprendizaxes, o traballo colaborativo e os intercambios culturais no centro, ademais de servir como instrumento de apoio para o desenvolvemento do plan de lectura.

O centro concreta a súa estratexia dixital a través dun Plan Dixital de centro, que se concibe como un instrumento para mellorar o desenvolvemento da competencia dixital da comunidade educativa. O uso das tecnoloxías dixitais no proceso de ensino e aprendizaxe e de organización educativa dixitalmente competente, concretarase anualmente na Programación Xeral Anual a través das correspondentes actuacións.

O centro inclúe dentro do seu proxecto educativo e funcional un Plan de actividades físicas e hábitos saudables coa finalidade da práctica diaria de deporte e exercicio físico durante a xornada escolar e da promoción dunha vida activa, saudable e autónoma, por parte das alumnas e dos alumnos, e que se concretará anualmente na Programación Xeral Anual a través das correspondentes actuacións. Contará coa colaboración da Enfermería Escolar.



## **n) O PROCEDEMENTO PARA A REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA CONCRECIÓN CURRICULAR.**

A concreción curricular, como marco que establece o claustro de profesorado cos criterios e decisións para orientar o desenvolvemento do currículo por parte do profesorado e a coordinación interdisciplinar por parte dos órganos de coordinación didáctica para garantir a coherencia na actuación docente, será revisado e avaliado cada ano en reunión de Claustro, recollendo as conclusións de dita revisión e avaliación nas modificacións oportunas ao comenzo do curso seguinte.